

ESTATUTOS DA COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA D'A CORUÑA

CAPÍTULO I

Denominación, fins, enderezo e ámbito

Artigo 1. Co nome de *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* constitúese esta asociación ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, *reguladora do Dereito de Asociación*, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. A existencia desta asociación ten como fins os que se indican deseguido:

- Recuperar a memoria histórica de Galiza, porque non pode entenderse o presente e construír o futuro se ignoramos o noso pasado.
- Recuperar e divulgar a memoria histórica de todos aqueles cidadáns galegos, homes e mulleres de moi diversas ideoloxías (en todo caso leais ao réxime constitucional da II República, ás liberdades democráticas vixentes naquel momento e ao Estatuto de Autonomía de Galiza), que, tras o levantamento militar antidemocrático e inconstitucional de 1936, foron asasinados, pasaron á resistencia armada na guerrilla antifranquista, foron perseguidos e encarcerados até o exterminio ou tiveron que padecer a emigración e o exilio —tamén na propia terra—, mesmo continuándose nel, nalgúns casos, a loita polo restabelecemento das liberdades do pobo galego e pola reconstrución dun réxime democrático na Galiza.
- Coordinar, dar pulo e axudar no traballo de cantas persoas e entidades, tanto públicas como privadas, realicen actividades encamiñadas á recuperación da memoria histórica da loita galega antifascista, en xeral, e antifranquista, en particular.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins, a *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d' A Coruña* centrará as súas actividades nomeadamente na investigación, na divulgación e na denuncia de todo aquilo que estea relacionado cos seus propios fins.

Artigo 5. A *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* establece o seu domicilio social na rúa dos Olmos, 16-18, 1º andar (15007), da cidade d' A Coruña. O ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é o da Comarca d' A Coruña.

CAPÍTULO II Órganos de representación

Artigo 6. A *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada polos seguintes cargos: unha Presidencia, unha Secretaría, unha Tesourería e oito vocais.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva non serán remunerados e serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e seu mandato terá unha duración de dous anos.

Artigo 7. Tales cargos poderán causar baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas ou por remate temporal do seu mandato.

Artigo 8. As persoas pertencentes á Xunta Directiva cuxo mandato rematase continuarán desempeñando o seu cargo até o momento no que se produza a aceptación de quen as substitúan.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirase como mínimo unha vez cada dous meses, cantas veces o determine o seu Presidente e á iniciativa ou petición de dous dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis unha das persoas que a integran e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría dos votos.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva.

As facultades da Xunta Directiva abranguen todos os actos propios das finalidades da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*, sempre que non requiran, segundo os Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

A Xunta Directiva ten como facultades particulares as que se mencionan a continuación:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Materializar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.

- d) Resolver sobre a admisión de novas persoas asociadas.
- e) Nomear persoas delegadas para algunha determinada actividade da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de persoas asociadas.

Artigo 11. O cargo da Presidencia terá as atribucións seguintes:

- a) Representar legalmente a *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* perante toda clase de organismos públicos ou privados.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, ademais de dirixir as deliberacións dunha e doutra.
- c) Ordenar os pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- d) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* aconselle ou que no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 12. A Secretaría estará ao cargo da dirección dos traballos puramente administrativos da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*, expedirá certificacións, levará os libros da citada Comisión legalmente establecidos e o ficheiro de persoas asociadas, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribíbeis nos rexistros correspondentes, ademais da presentación das contas anuais e do cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente estean establecidos.

Artigo 13. A persoa encargada da Tesourería recadará e custodiará os fondos pertencentes á *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a Presidencia.

Artigo 14. As persoas que teñan a condición de vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e tamén as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta Directiva teña a ben encomendarlles.

Artigo 15. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera das persoas que forman a Xunta Directiva serán cubertas polas persoas así determinadas por Asemblea Xeral extraordinaria até o final do seu mandato.

CAPÍTULO III **Asemblea Xeral**

Artigo 16. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* e estará integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 17. As xuntanzas da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase anualmente no primeiro trimestre de cada ano. E as extraordinarias celebraranse cando así sexa necesario, ao xuízo da Presidencia, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte das persoas asociadas.

Artigo 18. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, o día e hora da xuntanza, ademais da orde do día, na que se indicarán os asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea en primeira convocatoria mediarán quince día como mínimo, debendo facerse constar, se proceder, a data e a hora da xuntanza da asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 19. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorra a elas un terzo das persoas asociadas con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de persoas asociadas con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computábeis a tales efectos os votos en branco nin as abstencións.

Será necesaria maioría cualificada das persoas presentes, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas nos seguintes casos:

- a) Nomeamento das Xuntas directivas.
- b) Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nela.
- c) Disposición ou transmisión dos bens integrantes do inmovilizado.
- d) Mudanza dos estatutos.
- e) Disolución da entidade.

Artigo 20. Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais.
- c) Aprobar o rexeitar as propostas da Xunta Directiva sobre as actividades da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*.
- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.

- e) Calquera outra que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Artigo 21. Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) O nomeamento das persoas que integran a Xunta Directiva.
- b) A modificación dos estatutos.
- c) A disolución da Asociación.
- d) A expulsión das persoas asociadas a proposta da Xunta Directiva.
- e) A constitución de federacións ou integración nelas.

CAPÍTULO IV **As persoas asociadas**

Artigo 22. Poderán pertencer á *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Comisión.

Artigo 23. Dentro da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* existirán as seguintes clases de persoas asociadas.

- a) Persoas asociadas fundadoras, que serán aquelas que participen no acto da constitución da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*.
- b) Persoas asociadas de número, que serán as que ingresen despois da constitución da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*.
- c) Persoas asociadas de honra, as que polo seu prestixio ou por teren contribuído de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*, se fagan acreedoras de tal distinción. O nomeamento das persoas asociadas de honra corresponderá a Asemblea Xeral.

Artigo 24. As persoas asociadas causarán baixa por algunha das causas seguintes.

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das súas obrigas. Neste caso, a expulsión que proceda das persoas asociadas será acordada pola Xunta Directiva logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado por Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderáse recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 25. As persoas asociadas de número e fundadoras terán os seguintes dereitos.

- a) Tomarán parte en cantas actividades organice a *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* en cumprimento dos seus fins.
- b) Gozarán das vantaxes e beneficios que a *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* poida obter.
- c) Participarán nas asembleas con voz e voto.
- d) Serán electoras e elixíbeis para os cargos directivos.
- e) Recibirán información sobre os acordos adoptados polos órganos da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*.
- f) Realizarán suxestións aos membros da Xunta Directiva para o mellor cumprimento dos fins da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*.

Artigo 26. As persoas asociadas fundadoras e de número terán as seguintes obrigas.

- a) Cumprir os presentes Estatutos e acordos válidos das Asembleas e da Xunta Directiva.
- b) Abonar as cotas determinadas por Asemblea Xeral Ordinaria, máis o incremento que poida corresponder polo IPC.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

Artigo 27. As persoas asociadas de honra terán as mesmas obrigas que as fundadoras e de número, agás as previstas nos apartados b) e d) do artigo anterior.

Asemade, terán os mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 25, podendo asistir ás asembleas sen dereito de voto.

Artigo 28. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* serán os seguintes.

- a) As cotas das persoas asociadas, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte das persoas asociadas ou terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 29. A *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* inicia as súas actividades sen patrimonio propio ou fondo social.

Artigo 30. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO V

Disolución

Artigo 31. A *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 32. No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora. Unha vez extinguidas as débedas, esta comisión, no caso de existir sobranse líquido, destinarao a fins que non desvirtúen a natureza non lucrativa da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña*, mediante a entrega do mesmo a unha entidade benéfica ou a outra asociación non lucrativa inscrita no Rexistro e que teña fins similares.

Disposición adicional

En todo canto non estea previsto nos Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as súas correspondentes disposicións complementarias.

* * *

Don Fernando Souto Suárez, Responsábel da Secretaría da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña* á que se refiren os estatutos

CERTIFICA

que os presentes Estatutos foron adoptados ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo, por acordo da Asemblea Xeral Fundadora de Asociados de data de dezasete de outubro de 2005.

En A Coruña, a dezasete de outubro de 2005

Vº. Bº

Asdo
A Presidencia

Asdo
A Secretaría